

Resolución do 18 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se estenden as actuacións das persoas mentoras dos equipos de apoio dixital no curso 2023-2024.

Por Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, seleccionáronse con carácter experimental os centros docentes públicos que constitúen a Rede Galega de Educación Dixital no curso 2021-2022.

Consonte o apartado 6.2. da citada Resolución, cada centro da rede propuso unha persoa de entre o seu profesorado, que con carácter xeral tiña destino definitivo no centro, para formar parte do equipo de apoio dixital aos centros (en diante, ADIX).

Na disposición adicional primeira da devandita Resolución establécese que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional poderá estender as actuacións dos ADIX ao curso 2022-2023.

Por Resolución do 11 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, estendéronse as actuacións das persoas mentoras dos equipos de apoio dixital no curso 2022-2023.

Na disposición adicional primeira da devandita Resolución establécese que a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá estender as actuacións dos ADIX ao curso 2023-2024.

Por Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Educación, publícase o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 21 de xullo de 2021, polo que se aproba a proposta de distribución territorial e os criterios de repartición dos créditos xestionados por Comunidades Autónomas destinados ao Programa para a mellora da competencia dixital educativa #CompDigEdu, no exercicio orzamentario 2021, no marco do compoñente 19 "Plan Nacional de Capacidades Dixitais" do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

No apartado noveno da citada Resolución, establécese a creación da rede de responsables #CompDigEdu.

Co fin de dar continuidade as actuacións das persoas mentoras ADIX, esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Esta resolución ten como obxecto dar continuidade á Rede Galega de Educación Dixital (DixitalGal) e estender as actuacións das persoas mentoras ADIX nomeadas para o curso 2023-2024.



Ademais, establecer a correspondencia entre as persoas mentoras ADIX e o equipo de responsables #CompDigEdu de referencia para un determinado territorio ao que se refire o apartado noveno da Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 21 de xullo de 2021.

Disposición adicional primeira. Prórroga

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, poderá estender as actuacións dos ADIX ao curso 2024-2025.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

